

O papel da muller na Idade Moderna.

Non hai dúbida de que o papel e o lugar das mulleres na época moderna estivo profundamente condicionado pola súa **subordinación no marco dunha sociedade patriarcal**. A ríxida moral católica dominante contribuía a reforzar ideoloxicamente esa **posición subalterna** e a constrinxir a liberdade das mulleres. Pero as diferenzas entre elas eran máis que notables: nunha sociedade definida polas **desigualdades xurídicas** como a do Antigo Réxime, a **posición estamental** influía decisivamente nas oportunidades de cadaquén.

En calquera caso, **a familia e o espazo doméstico** eran os ámbitos preferentemente atribuídos á muller. Iso non significaba que a crianza dos fillos, o mantemento do fogar e os coidados fosen os seus únicos labores. Aínda que non perderon completamente a **capacidade de xestionar os seus patrimonios** (dotes, herdanzas), cando os había, **os seus dereitos estaban moi limitados, sometidas á tutela** dos pais, dos maridos ou mesmo dos irmáns. A falla do varón (solteiría, viuvez, abandono conxugal) xeraba, na meirande parte dos casos, conflitos, dificultades e pobreza.

As actividades económicas.

Entre a **maioría campesiña**, as mulleres dedicaban a maior parte do tempo ás tarefas agrícolas. Nas áreas de importante **emigración masculina**, tanto a estacional como a polianual ou definitiva, o traballo do campo descansaría decote case exclusivamente sobre os seus ombreiros. Fóra destes quefaceres, a presenza feminina sería reseñable noutros dous sectores: o **servizo doméstico**, moi reducido, en casas de fidalgos, eclesiásticos ou labregos abastados; e as **actividades artesanais**, especialmente as manufacturas téxtiles (fiado e tecido) destinadas tanto ao autoconsumo como á súa comercialización. Nas áreas costeiras, as mulleres eran fundamentais no **marisqueo** e nalgúns **actividades asociadas á pesca** (confección e repaso de redes, salgadura do peixe, etc.).

Nas cidades, as **mulleres dos sectores populares** asumían tamén os **labores domésticos**. En boa parte dos casos conciliábanos con algúns traballos remunerados. O **servizo doméstico** constituía a ocupación máis habitual da maioría delas. Outras eran pobres tendadeiras, merceiras, taberneiras ou panadeiras. Non poucas caían na **marxinalidade** (mendicidade, prostitución). Por outra banda, seguro que as **esposas e fillas de comerciantes e artesáns** colaboraban nos negocios familiares, que xeralmente compartían espazo coa propia vivenda. Algunhas delas, viúvas de ricos burgueses case sempre, chegaron a estar á fronte de importantes establecementos.

As **mulleres dos grupos privilexiados** eran educadas consonte a ríxidos patróns con miras a futuros matrimonios que perpetuasen o poder e o patrimonio da familia. Unha alternativa á voda era o **ingreso no clero feminino**. Dado que os conventos gozaban en moitas ocasións de amplas posesións, rendas e señoríos, os seus recursos podían ser utilizados tanto en favor delas como dos seus achegados. Só en ausencia de descendencia masculina na liñaxe podían as mulleres nobres xestionar o patrimonio familiar.

Educación e cultura.

O acceso á educación era moi limitado para o xénero feminino. As taxas de **alfabetización**, xa de por si moi baixas, eran ínfimas no caso das mulleres: aínda en 1860, só o 3'6% das mulleres galegas sabía ler e escribir. Só as damas da nobreza e da burguesía máis acomodada puideron ter un maior acceso á instrución, ben no ámbito do fogar mediante a contratación dun preceptor

privado, ben a través dalgunha comunidade conventual feminina. Ademais da lectura e escritura, coidábase a educación relixiosa e, ás veces, as artes e a música ou algún idioma estranxeiro, singularmente dende o século XVIII o francés.

Así e todo, algunhas mulleres puideron acadar especial relevancia no ámbito da **creación cultural**. Destacaron, entre outras: no século XV, **Beatriz Galindo A Latina**, gramática e preceptora de Isabel A Católica; no século XVI, **Teresa de Jesús** na produción literaria e **Sofonisba Aguiñola** como pintora; no século XVII cómpre destacar os escritos de **María de Zayas**, **María de Guevara** e **sor Juana Inés de la Cruz**, cualificadas como **protofeministas**. No XVIII, os aires renovadores da Ilustración tiveron certa influencia: apareceron as primeiras escolas femininas e mixtas, aumentou o número de publicacións destinadas a un público feminino e tamén o de obras producidas por mulleres. Destacaron entre estas ilustradas **Josefa Amar y Borbón**, quen defendeu publicamente que *“a razón non tiña sexo”*, a poeta **Margarita Hickey** e a dramaturga **María Rosa de Gálvez**. Así mesmo algunhas damas da aristocracia como a **duquesa de Osuna** ou a **condesa de Montijo** tiveron un destacado protagonismo como mecenas e anfitriñas de importantes parladoiros ilustrados.

A esfera política.

No plano político, en teoría, a muller non debía ter **ningunha relevancia**. E así foi na inmensa maioría dos casos. Pode aludirse ao poder exercido polas **raíñas propietarias** (**Isabel I** e **Xoana I de Castela**) e **rexentes** (**Mariana de Austria**, que o foi do seu fillo Carlos II entre 1665 e 1675) e o **influxo doutras consortes reais** nas políticas da monarquía (**Isabel de Farnesio** con Felipe V, **María Luísa de Parma** con Carlos IV). Hai que sinalar tamén o papel da **princesa de Éboli** na corte de Filipe II ou o de **sor María de Agreda** como conselleira de Filipe IV nos anos finais do seu reinado.

Menos rechamantes pero igual de importantes son as posibilidades que para as mulleres das ordes superiores se derivaban das **características da administración e da importancia dos poderes señoriais durante o Antigo Réxime**. O carácter patrimonial de moitos oficios na administración posibilitaba que por testamento, doazón ou dote calquera **cargo venal** puidese recaer nunha aristócrata. A mesma vía hereditaria podía colocar a unha nobre titulada ou a unha fidalga á fronte de **señoríos e estados**, sen que tivesen neste caso menos prerrogativas cós varóns. Do mesmo xeito, as **comunidades relixiosas femininas** podían dispoñer de amplos dominios e xurisdicións das que era titular a súa abadesa.